

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN (PRIVADA) AUTONOMICA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada autonómica de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0001/16 presentada pola entidade promotora CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0001/16

As características da promoción son as seguintes:

Localización: SUBIDA Á COSTA, 5 - 1º - VIGO

Forma de acceso: COMPRA

Estado de execución: EN OBRA. Data prevista do remate: 13-01-2018

Número e tipoloxía das vivendas: 1 para quenda Xeral.

1º: 69,11 m² 2 dormitorios

Prezo de venda:

1º: 114.031,50 €

Forma de pago:

CHEQUE BANCARIO.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos e anotados no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de promoción autonómicas non resolto no que o interesado figurase como reserva (de conformidade co artº 39.2 do Decreto 1/2010)

O Xefe Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Asdo.: José Luis Díez Yáñez

